

Lei 2/1988, do 5 de marzo, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1988

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 203, do 22.12.1987. Corrección de erros: BOPG núm. 207, do 11.1.1988.

Emendas á totalidade, BOPG núm. 210, do 29.1.1988.

Emendas parciais, BOPG núm. 213, do 5.2.1988.

Debate de totalidade, DSPG núms. 73, do 2.2.1988; 74, do 3.2.1988; 75, do 4.2.1988, e 76, do 5.2.1988.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 217, do 16.2.1988.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 223, do 27.2.1988.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 224, do 29.2.1988.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núms. 77, do 2.3.1988; 78, do 3.3.1988, e 79, do 4.3.1988.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núms. 231, do 10.3.1988, e 233, do 14.3.1988. Corrección de erros: BOPG núm. 246, do 21.4.1988.

Diario Oficial de Galicia núm. 50, do 14.3.1988. Corrección de erros: DOG núm. 54, do 18.3.1988.

Boletín Oficial del Estado núm. 110, do 7.5.1988.

Lei 2/1988, do 5 de marzo, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1988

Polas leis 13/1988, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1989, e 2/1990, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1990, foi mantida a vixencia da disposición adicional décimo segunda.

Pola Sentencia do Tribunal Constitucional 171/1996, do 30 de outubro, declarouse a inconstitucionalidade e nulidade dos apartados 4 e 5 do artigo 10.

Pola Lei 15/2010 derrógase a disposición adicional terceira.

Os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1988 representan o marco do nivel de servicios e competencias transferidos, un avance ó integrar nos seus Estados de Ingresos e Gastos os recursos e dotacións precisos para asumir a xestión dos derivados dos últimos acordos da Comisión Mixta de Transferencias á Universidade, Formación Profesional Regrada e Escola Náutico-Pesqueira de Ferrol.

Profundízase no principio de universalidade presupostaria ó incluír no Presuposto da propia Comunidade como un servizo máis, sen poñer en dúbida as súas peculiaridades, os servizos traspasados á Comunidade do Insero.

As previsións de ingresos incorporan, dunha parte, os supostos de revisión da porcentaxe de participación nos ingresos do Estado derivados dos novos servizos asumidos e da cesión á Comunidade

do Imposto de Actos Xurídicos Documentados; doutra, consígnase por primeira vez o crédito do Feder correspondente á anualidade de 1988 destinado a cofinanciar proxectos de investimento da Comunidade no marco do FCI.

Ó mesmo tempo, introdúcese no seu contido normativo a implantación do novo sistema retributivo que se deseñou na Lei 30/1984, do 2 de agosto, da Reforma da Función Pública, instrumento que contribuirá na nosa Comunidade a conseguir unha Función Pública máis eficaz e profesionalizada.

No seu aspecto financeiro, o Presuposto elaborouse cun decidido carácter expansivo que posibilitase unha maior e mellor oferta de servizos públicos e sociais pola Comunidade, xunto cun mercado carácter investidor que contribúa, a través da mellora das infraestruturas especialmente no sector primario, en última instancia a xerar emprego.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma Galega para 1988.

Título I

Dos créditos e das súas modificacións

Capítulo I

Créditos iniciais e financiamento dos mesmos

Artigo 1. Dos créditos iniciais.

1. Pola presente Lei apróbanse os Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 1988 integrados por:

a) O Presuposto da Comunidade Autónoma.

b) O Presuposto dos organismos autónomos de carácter administrativo.

c) O Presuposto da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e os das sociedades para a xestión dos servicios públicos de Radiodifusión e Televisión.

d) Os presupostos das empresas públicas galegas.

2. No Estado de Gastos dos Presupostos da Comunidade Autónoma

ma concédense créditos para atende-lo cumprimento das súas obrigas por un importe de douscentos trinta e cinco mil setecentos dezanove millóns oitocentas cincuenta mil pesetas (235.719.850.000).

O Presuposto de Gastos da Comunidade Autónoma financiarase:

a) Con dereitos económicos que se liquidarán no exercicio, estimados nun importe de douscentos once mil setecentos dezanove millóns oitocentas cincuenta mil pesetas (211.719.850.000).

b) Con operacións de endebedamento reguladas no artigo 26 desta Lei.

Os créditos correspondentes ós servicios transferidos do Instituto Nacional de Servicios Sociais, por un importe de dous mil catrocentos cincuenta e seis millóns trescentas corenta mil pesetas (2.456.340.000), están incluídos nos créditos consignados no Estado de Gastos e Ingresos ós que se refire o parágrafo anterior.

Os beneficios fiscais que afectarán ós tributos cedidos á Comunidade Autónoma estímense en mil douscentos noventa millóns catrocentas quince mil oitocentas pesetas (1.290.415.800).

3. Os Estados de Gastos e Ingresos do organismo autónomo de carácter administrativo Escola Galega de Administración Pública ascende a vintecinco millóns de pesetas (25.000.000).

4. No Presuposto da Compañía de Radio-Televisión de Galicia concédense as dotacións necesarias para atende-lo desenvolvemento das súas actividades, por un importe total de seiscientos noventa millóns novecentas sesenta e nove mil pesetas (690.969.000) para explotación, e cento vinte millóns de pesetas (120.000.000) para capital, estimándose os recursos en igual contía, incluída a subvención da Comunidade Autónoma por importe de seiscientos setenta e catro millóns novecentas sesenta e nove mil pesetas (674.969.000) para explotación, e trinta e catro millóns oitocentas setenta e seis mil pesetas (34.876.000) para capital.

Os Presupostos das sociedades para a xestión dos servizos públicos de Radiodifusión e Televisión ós que se refire a Lei 9/1984, do 11 de xullo, apróbanse co seguinte detalle:

Televisión de Galicia, Sociedade Anónima, por importe total de gastos, catro mil cento trinta e sete millóns cento vinteseis mil pesetas (4.137.126.000) para explotación, e catrocentos trinta e dous millóns novecentas sete mil pesetas (432.907.000) para investimentos, ascendendo os recursos a igual contía, incluída a subvención da Comunidade Autónoma por un importe de dous mil cincocentos cincuenta e nove millóns cento setenta mil pesetas (2.559.170.000) para explotación, e douscentos once millóns duascenas sesenta e

cinco mil pesetas (211.265.000) para capital.

Radio-Televisión de Galicia, Sociedade Anónima, por un importe total de gastos de catrocentos trinta e oito millóns novecentas sesenta e dúas mil pesetas (438.962.000) para explotación, e cincuenta e tres millóns trescentas sete mil pesetas (53.307.000) para capital, ascendendo os recursos a igual contía, incluída a subvención da Comunidade Autónoma por importe de catrocentos vintecinco millóns duascenas noventa e unha mil pesetas (425.291.000) para explotación, e trinta e un millóns vintenoventa mil pesetas (31.029.000) para capital.

Os dereitos económicos que se prevén liquidar por publicidade estimanse en mil douscentos vintecinco millóns de pesetas (1.225.000.000).

5. Nos Presupostos das empresas públicas galegas inclúense as estimacións e previsións de gastos e ingresos referidos ós mesmos e ós seus estados financeiros en atención á peculiaridade da súa actividade específica.

Artigo 2. Agrupación dos créditos.

Os créditos incluídos nos Estados de Gastos dos Presupostos da Comunidade Autónoma financiarán os programas de gastos que se inclúen nos referidos Estados para a consecución dos obxectivos dos mesmos. O seu importe ascende a 235.719.850.000 pesetas, e os cré-

ditos agrúpanse en atención á índole da súa función e por contías, expresadas en pesetas, do seguinte modo:

Alta dirección da Comunidade Autónoma	2.227.466.576
Administración xeral	2.223.635.790
Administración electoral e partidos políticos	
Seguridade Social e protección social	16.639.015.028
Promoción social	8.312.975.241
Sanidade	6.889.002.071
Educación	79.318.107.508
Vivenda	8.585.431.036
Benestar comunitario	1.229.098.326
Cultura	5.525.360.000
Outros servizos comunitarios e sociais	4.611.600.000
Infraestruturas básicas e de transporte	18.717.652.267
Outras infraestruturas	5.566.316.678
Investigación científica, técnica e aplicada	1.361.211.237
Información estadística básica	198.671.858
Actuacións económicas xerais	729.345.817
Comercio	1.563.126.072
Actividades financeiras	2.069.842.325
Agricultura, gandería e pesca	13.579.208.095
Industria	845.791.190
Enerxía	1.844.000.000
Minería	175.000.000
Turismo	875.240.797
Reordenación industrial	3.544.122.088
Desenvolvemento empresarial	3.703.000.000
Transferencias a entidades locais	41.833.220.000
Débeda pública	3.552.410.000

Artigo 3. Vinculación dos créditos.

Os créditos asinados ós respectivos programas de gasto teñen carácter limitativo e vinculante, con suxección á clasificación orgánica e económica, a nivel de concepto e por programas. Exceptúase desta norma os créditos incluídos no Capítulo II, da clasificación económica do gasto, que terán carácter vinculante a nivel de artigo en lugar de a nivel de concepto.

En todo caso, terán carácter vinculante, ó nivel de desagregación con que aparezan nos Estados de Gastos, os créditos declarados ampliables que se detallan no artigo 7.4 desta Lei.

Sen prexuício da vinculación a nivel de artigo prevista no número anterior, os gastos serán imputados, en todo caso, ó concepto ou subconcepto específico.

Capítulo II

Normas de modificacións de créditos presupostarios

Artigo 4. Principios xerais.

1. As modificacións nos créditos iniciais do Presuposto axustaranse ó disposto na Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, agás o disposto nesta Lei.

2. Todo acordo de modificación presupostaria deberá indicar expresamente o programa, o servizo e mailo concepto afectado polo

mesmo. A respectiva proposta de modificación deberá manifesta-la incidencia na consecución dos respectivos obxectivos do programa de gasto, as razóns concretas que a xustifican e a súa consolidación ou non en exercicios futuros.

3. A Consellería de Economía e Facenda, dentro dos primeiros quince días hábiles de cada mes, daralle conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de tódalas modificacións acordadas, ó abeiro do establecido na presente Lei.

Artigo 5. Transferencias de créditos.

1. As transferencias de créditos de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

a) Non poderán afectar a créditos ampliables nin ós extraordinarios concedidos durante o exercicio.

b) Non minorarán créditos que como consecuencia doutras transferencias ou suplementos de créditos fosen obxecto de incremento, nin poderán afectar negativamente ós créditos incorporados como consecuencia de remanecentes procedentes de exercicios anteriores.

c) Non incrementarán créditos que como consecuencia doutras transferencias fosen obxecto de minoración.

d) Non minorarán créditos correspondentes a servizos traspasados do Instituto Nacional de Servizos Sociais, agás que as tales minoracións teñan por finali-

dade incrementar créditos afectados ós ditos servizos.

2. O establecido no número anterior enténdese sen prexuízo do que dispón o artigo 43 da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia en relación con novos traspasos de medios persoais e materiais da Administración Central á Autónoma de Galicia.

3. Polo que afecta ós servizos traspasados á Comunidade do Instituto Nacional de Servizos Sociais, as limitacións contidas nas letras b) e c) do número 1 deste artigo débense entender referidas ós créditos dos diferentes centros de gastos das mesmas, cando o presuposto dunha ou doutras se desenvolve de modo descentralizado.

Artigo 6. Competencias das Consellerías e dos altos órganos estatutarios.

1. Os titulares das Consellerías poderán autorizar, tralo informe da Intervención Delegada correspondente, as seguintes modificacións presupostarias nos créditos do presuposto do departamento:

a) Transferencias de créditos, entre os diferentes conceptos do Capítulo II, dun mesmo programa, correspondente a un mesmo ou diferente servizo dependente da Consellería, sempre que non supoñan desviación na consecución dos obxectivos do programa respectivo.

En caso de informe desfavorable da Intervención Delegada coa proposta de transferencia de crédito, remitiráselle o expediente á Consellería de Economía e Facenda para efectos da resolución procedente polo titular desta Consellería.

b) Xeración de créditos. Nos supostos contemplados no artigo 52, apartado 1.a), e no artigo 53 da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, cando o pagamento indebido fose realizado no mesmo exercicio.

2. Os Presidentes dos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma terán as mesmas competencias establecidas neste artigo, en relación coas modificacións presupostarias do Presuposto de gastos respectivo, sen prexuício do principio de autonomía presupostaria do Parlamento de Galicia.

3. En todo caso, unha vez acordadas pola autoridade competente as modificacións presupostarias incluídas nos números anteriores, remitiráselle á Consellería de Economía e Facenda, Dirección Xeral de Presupostos e do Tesouro, para instrumentala súa execución.

Artigo 7. Competencias da Consellería de Economía e Facenda.

1. Amais das competencias xenéricas do artigo anterior correspóndelle ó Conselleiro de Economía e Facenda:

a) Resolve-los expedientes de modificacións presupostarias no suposto previsto no artigo anterior, no caso de discrepancia da Consellería respectiva co informe da Intervención Delegada.

b) Autorizar transferencias de créditos presupostarios, calquera que sexa o Capítulo, entre un ou varios programas incluídos no mesmo grupo de funcións correspondentes a servicios dunha mesma Consellería.

A competencia prevista para autorizar transferencias de créditos contidas neste artigo comporta a creación dos conceptos pertinentes da clasificación económica do gasto.

2. Incorporación de créditos.

a) Autoriza-la incorporación de créditos procedentes de transferencias dos Presupostos Xerais do Estado en concepto de subvencións non integrantes do custo efectivo dos servicios traspasados. Os créditos así incorporados deberán destinarse ós fins específicos para os que foron adscritos á Comunidade.

b) Autoriza-las incorporacións de créditos previstas no artigo 46 da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

3. Xeración de créditos.

a) Autoriza-la xeración de créditos derivados de recursos procedentes dos Presupostos Xerais do Estado ou de calquera outro

ente público adscrito a fins específicos que impliquen a execución e xestión respecto dos mesmos pola Administración da Comunidade.

b) Autoriza-las xeracións de créditos previstas no artigo 52 da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

4. Ampliación de créditos.

Autorizar, ata unha suma igual ás obrigas das que o recoñecemento sexa preceptivo, a ampliación dos créditos que, incluídos nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, se detallan a seguir:

— Os destinados a satisfacer:

a) As cuotas de Seguridade Social e o complemento familiar, así como as aportacións que, se é o caso, lle corresponda efectuar á Comunidade Autónoma ó rexime de previsión social dos seus funcionarios.

b) Os trienios derivados do cómputo do tempo de servicios realmente prestados á Administración.

c) Os créditos destinados ó pagamento do persoal laboral ó servicio da Comunidade Autónoma, en canto precisen ser incrementados como consecuencia de subas salariais dispostas durante o exercicio ou en exercicios anteriores por normas legais ou por decisións executivas en vía administrativa ou xurisdiccional.

d) Os que se destinen ó pagamento de intereses, amortizacións do principal e gastos derivados da débeda emitida pola Comunidade Autónoma ou operacións de crédito por ela concertadas. Os pagamentos indicados aplicaranse, calquera que sexa o vencemento ó que correspondan, ós respectivos créditos do exercicio económico de 1988.

e) Os destinados ó pagamento das obrigas derivadas de quebrantamentos de operacións de crédito avaladas pola Xunta de Galicia, dándolle conta ó Parlamento no prazo de un mes.

f) Os destinados a satisfacer as cantidades que deben percibi-los Liquidadores do Distrito Hipotecario en concepto de indemnización e compensación dos gastos orixinados polo recadamento e xestión de autoliquidacións practicas polo Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados e polo recadamento e práctica das liquidacións do Imposto sobre Sucesións e Doacións.

g) Os créditos destinados ó pagamento dos premios de cobranza e participacións en función do recadamento de vendas e restantes créditos de vivendas, locais e edificacións complementarias da Comunidade Autónoma Galega, así como os referentes ós traballos de facturación e apoio á xestión do patrimonio inmobiliario da Comunidade que se establezan de acor-

do coas cifras recadadas en período voluntario.

h) Os créditos destinados a satisfacer-lo pagamento de subvencións non integrantes do custo efectivo dos servicios traspasados á Comunidade Autónoma, no importe que exceda da contía inicialmente consignada, como consecuencia da adscrición de recursos á Comunidade Autónoma con cargo ós Presupostos Xerais do Estado.

i) O crédito destinado ó financiamento de préstamos que se lle concederán ó persoal ó servizo da Administración Autónoma en función do recadamento que se produza como consecuencia de reintegros efectuados para cancelación dos mesmos.

l) Os créditos destinados a pagamentos de cuotas ou contribucións a organismos internacionais nos que participe ou sexa membro a Comunidade Autónoma.

Artigo 8. Competencias do Consello da Xunta.

Correspóndelle ó Consello da Xunta, por proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, e por iniciativa da Consellería ou Consellerías afectadas, autoriza-la transferencia de créditos entre programas dunha ou distintas Consellerías incluídos no mesmo ou distinto grupo de funcións.

Cada solicitude da ou das Consellerías afectadas irá acompañada dunha memoria xustificativa dos

obxectivos fixados inicialmente e dos novos que, se é o caso, puidesen derivarse.

De cada modificación acordada en virtude do disposto neste artigo daráselle conta no prazo de quince días á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento.

As transferencias de crédito realizadas en virtude desta competencia non excederán do 25% do importe do programa afectado.

Artigo 9. Outras modificacións presupostarias.

1. Con independencia das modificacións presupostarias que se prevén nos artigos anteriores, o Conselleiro de Economía e Facenda poderá autorizar transferencias de crédito desde o programa de imprevistos ós conceptos e artigos dos demais Capítulos de gastos con suxección ós seguintes requisitos:

a) A Consellería ou organismo que solicite a transferencia deberá xustifica-la imposibilidade de atende-las insuficiencias a través das modificacións presupostarias que se autoricen en virtude do previsto nos artigos anteriores desta Lei.

En todo caso, o importe de cada transferencia non poderá exceder do 10% do Capítulo que reciba a subvención.

b) A transferencia deberá ser solicitada a través dun exame conxunto

ou de revisión das necesidades do correspondente programa de gasto, indicando, se é o caso, as desviacións que a execución do Presuposto poida revelar na consecución dos correspondentes obxectivos.

2. A Consellería de Economía e Facenda poderá realiza-las adaptacións precisas para acomodar e desenvolve-los Presupostos resume dos servicios transferidos do Insero ós resultantes da aprobación das Cortes do Presuposto resume da Seguridade Social, logo do informe da Consellería de Traballo e Benestar Social.

3. Correspóndelle ó Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, autorizar transferencias de créditos das dotacións non utilizadas nos programas das distintas Seccións do Presuposto ós distintos conceptos do programa de imprevistos, habilitando para tal efecto os créditos que sexan necesarios, para a súa ulterior reasignación.

De cada modificación acordada en virtude do disposto neste artigo daráselle conta de xeito inmediato e singular, no prazo máximo de 30 días, á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos con remisión da copia do correspondente expediente.

En todo caso, as transferencias de crédito realizadas ó abeiro do aquí exposto serán destinadas a gastos de investimento, agás o previsto no apartado 4 do artigo 10 desta Lei.

Título II

Dos gastos de persoal

Capítulo I

Retribucións do persoal

Artigo 10. Aumento de retribucións do persoal ó servizo da Comunidade Autónoma.

1. Con efectos do 1 de xaneiro de 1988, o incremento do conxunto das retribucións íntegras do persoal ó servizo da Comunidade Autónoma non sometido á lexislación laboral, aplicadas nas contías e de acordo cos reximes retributivos vixentes en 1987, será do 4 por cento, sen prexuício do resultado individual da aplicación do dito incremento.

2. O disposto no número anterior é aplicable ó persoal non laboral ó servizo de:

a) Os órganos estatutarios de Galicia, sen prexuício do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de Galicia para o Parlamento.

b) A Administración da Comunidade Autónoma.

c) A Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as sociedades para a xestión dos servizos públicos da Radiodifusión e Televisión.

d) A Universidade.

e) O restante persoal ó que resulte de aplicación o rexime estatutario dos funcionarios públicos.

3. Así mesmo, e con efectos do 1 de xaneiro de 1988, a masa salarial do persoal laboral dos entes e organismos que se indican no número anterior non poderá experimentar un incremento global superior ó 4 por cento, comprendendo na dita porcentaxe a de tódolos conceptos e sen prexuício do resultado individual da distribución do dito incremento global.

Entenderase por masa salarial, para os efectos desta Lei, o conxunto das retribucións salariais e extrasalariais, e mailos gastos de acción social que o persoal laboral afectado durante 1987 teña recoñecidos, informados favorablemente pola Consellería de Economía e Facenda para o dito exercicio presupostario, exceptuándose en todo caso:

a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.

b) As cotizacións ó sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.

c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou supridos.

d) As indemnizacións ou supridos por gastos que tivese que realízalo traballador.

e) As cantidades que lle corresponda percibir ó persoal en concepto de antigüidade.

Os incrementos da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade respecto dos dous

períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos reais de persoal laboral coma ó rexime privativo de traballo, xornada legal ou contractual, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose, xa que logo, por separado as cantidades que correspondan á variación dos tales conceptos. Con cargo á masa salarial así obtida para 1988 deberase satisfacer a totalidade das retribucións do persoal derivadas do correspondente acordo e tódalas que se produzan ó longo do ano 1988.

As indemnizacións ou supridos deste persoal non poderán experimentar crecementos superiores ós que se establezan con carácter xeral para o persoal non laboral da Administración da Comunidade Autónoma.

No caso en que, da aplicación do incremento porcentual establecido no parágrafo anterior, resultase unha cifra inferior á que lle corresponda ó persoal non laboral de igual categoría, poderanse acordar indemnizacións ou supridos ata o importe que teña recoñecido o citado persoal non laboral.

O regulado nos parágrafos anteriores non se aplicará ás indemnizacións que se establezan por primeira vez nos respectivos convenios; unha vez fixado o importe de tódalas indemnizacións os posteriores incrementos axustaranse ó establecido nas Leis de Presupostos da Comunidade Autónoma.

Nos convenios que contemplan unha soa contía de indemnización para tódalas categorías poderase igualmente acordar tal contía entre as que lles correspondan ós grupos segundo e cuarto do citado persoal non laboral.

4. Con independencia do incremento retributivo disposto nos parágrafos anteriores, establécese un fondo mínimo por importe de cen millóns de pesetas (100.000.000), consignado no programa 531H, concepto 005.005.130.10, con cargo ó que se procederá ó financiamento da masa adicional de que se trata, coa finalidade de harmonizar as condicións económicas e de traballo do persoal laboral.

Os criterios que permitan a distribución do fondo deberanse de determinar trala negociación entre a Administración Autónoma e as Centrais Sindicais representativas, e a Consellería de Economía e Facenda procederá a instrumentalalo baseándose na proposta que para tal efecto deberá presentala Comisión que con ese fin se establece.⁽¹⁾

5. Así mesmo, establécese un fondo dotado con cincocentos trinta millóns de pesetas (530.000.000) no devandito programa 531H, conceptos 005.005.120.10 e 005.005.120.20, para atención de insuficiencias de crédito que se produzan como consecuencia de disposicións

normativas, acordos de homologación de retribucións dos funcionarios, da aplicación de rexime retributivo por mor da Lei de Medidas para a Reforma da Función Pública ou por decisión firme xurisdiccional.⁽²⁾

Artigo 11. Retribucións dos altos cargos.

1. As retribucións totais e exclusivas, incluídas as pagas extraordinarias, dos altos cargos fíxanse para o ano 1988 nas seguintes contías:

Presidente	8.481.393
Vicepresidente	7.601.015
Conselleiros	6.984.238
Secretarios Xerais Técnicos, Directores e asimilados	5.560.349

2. Os altos cargos terán dereito á percepción dos trienios que puidesen ter recoñecidos como funcionarios e persoal ó servizo das Administracións Públicas.

Artigo 12. Retribucións dos funcionarios da Comunidade para os que o Consello da Xunta aprobouse as relacións de postos de traballo.

1. Os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función

(1) Pola STC 171/1996, do 30 de outubro, declarouse a inconstitucionalidade e nulidade do apartado 4 do artigo 10.

(2) Pola STC 171/1996, do 30 de outubro, declarouse a inconstitucionalidade e nulidade do apartado 5 do artigo 10.

Pública, que desempeñen postos de traballo para os que o Goberno da Comunidade aprobouse a aplicación do rexime retributivo previsto na dita Lei soamente poderán ser retribuídos, durante 1988, se é o caso, polos conceptos e contías seguintes:

a) O soldo e os trienios que lle correspondan ó grupo no que se ache clasificado o corpo ou a escala a que pertenza o funcionario, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Grupo	Soldo	Trienios
A	1.337.784	51.336
B	1.135.428	41.076
C	846.360	30.804
D	692.064	20.556
E	631.776	15.408

Os corpos, escalas ou prazas que no 31 de decembro de 1984 tivesen asignados os índices de proporcionalidade 10, 8, 6, 4 e 3 consideraranse, para os efectos previstos no presente número, como integrados, respectivamente, nos grupos A, B, C, D e E.

b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ó ano, por un importe cada unha delas de unha mensalidade do soldo e trienios, percibiranse de acordo co previsto no artigo 19 da presente Lei.

c) O complemento de destino correspondente ó nivel do posto de traballo que se desempeñe, de acordo co fixado no corresponden-

te catálogo de postos de traballo e coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Nivel	Pesetas
30	1.174.716
29	1.053.696
28	1.009.380
27	965.052
26	846.636
25	751.164
24	706.836
23	662.520
22	618.192
21	573.136
20	533.136
19	505.896
18	478.680
17	451.440
16	424.224
15	396.984
14	369.768
13	342.528
12	315.288
11	288.084
10	260.856
9	247.248
8	233.616
7	220.008
6	206.388
5	192.768
4	172.368
3	151.968
2	131.556
1	111.168

O Consello procederá a clasificar os postos de traballo nos trinta niveis ós que se refire o artigo 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

d) Con independencia das retribucións básicas e do complemento

de destino ós que se refiren os apartados anteriores, o Consello da Xunta asignará un complemento específico a determinados postos de traballo, cando a dita asignación sexa necesaria para asegurar que a retribución total de cada posto de traballo garde relación adecuada co contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade do mesmo.

Artigo 13. Complemento de produtividade.

O complemento de produtividade retribuirá o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo.

1.— En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

2.— O complemento de produtividade concederano os Conselleiros ou Xefes de Unidades ós que se lles asignasen créditos globais para a súa atención de acordo cos criterios que aprobe o Consello da Xunta, por proposta das Consellerías da Presidencia e Administración Pública, e de Economía e Facenda.

3.— En todo caso, as cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñece-

mento público e expoñeranse para tal efecto nos centros de traballo.

Artigo 14. Homoxeneización do sistema e complemento persoal transitorio.

1. O soldo, os trienios, as pagas extraordinarias e mailo complemento de destino e específico establecidos na presente Lei absorberán a totalidade das remuneracións correspondentes ó rexime retributivo vixente na Comunidade Autónoma en 1987, incluídos os complementos persoais e transitorios recoñecidos ó abeiro dos reximes retributivos anteriores ó que se establece na Lei 30/1984, do 2 de agosto.

Ós funcionarios que como consecuencia da aplicación do novo sistema retributivo en 1988 experimenten, en termos anuais, un incremento sobre as retribucións percibidas en 1987 inferior ó 4 por cento asignaráselles un complemento persoal transitorio ata acadar como mínimo o dito incremento.

Para estes efectos, considerárase como retribucións de 1987 a suma das retribucións básicas, complementos persoais e transitorios e complementos de destino efectivamente percibidos na contía correspondente a 1987, e os incentivos que efectivamente percibise o funcionario nese ano ata un máximo de 748.028 ptas. para os de proporcionalidade 10, 561.021 ptas. para os de proporcionalidade 8 e 374.014 ptas. para os das restantes proporcionalidades.

2. Os complementos persoais e transitorios que se deban aplicar a algúns funcionarios como consecuencia da entrada en vigor do novo sistema retributivo serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza no ano 1988, incluídas as derivadas de cambio de posto de traballo.

Para efectos da absorción prevista no parágrafo anterior, non se considerarán os trienios, o complemento de produtividade, regulado no artigo anterior, nin as gratificacións por servicios extraordinarios.

O disposto no presente artigo non será de aplicación ó persoal docente.

Artigo 15. Rexime xeral de trienios.

A valoración e recoñecemento dos trienios efectuarase de acordo coa normativa aplicable con anterioridade á Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, tendo en conta o previsto no artigo 19.1 da presente Lei.

Artigo 16. Retribucións dos funcionarios interinos, contratados administrativos e eventuais.

1. Os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, que desempeñen postos de traballo para os que se aprobouse a aplicación do rexime retributivo previsto na dita Lei percibirán o 80 por cento das retribucións básicas, excluídos os trienios, correspon-

des ó grupo no que estea incluído o corpo no que ocupen vacante e o 100 por cen das retribucións complementarias que correspondan ó posto de traballo que desempeñen.

2. As retribucións dos contratados administrativos experimentarán un incremento retributivo do 4 por cen respecto das recoñecidas no ano 1987.

3. Se, como consecuencia do disposto no número 1 deste artigo, os funcionarios interinos con nomeamento anterior ó 1 de xaneiro de 1985 experimentasen un incremento retributivo inferior ó 4 por cento, recoñeceráselles un complemento persoal e transitorio polo importe necesario para acadar como mínimo o dito crecemento, que será absorbible no futuro de acordo cos criterios establecidos na presente Lei para os complementos da dita natureza.

4. Aprobada polo Consello da Xunta a aplicación do rexime retributivo previsto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, o complemento de produtividade poderáselles asignar, se é o caso, ós funcionarios interinos a que se refire o punto anterior, así como ós funcionarios eventuais.

Artigo 17. Aumento de retribucións en casos especiais.

1. Cando as retribucións se percibisen en 1987 en contía inferior á establecida con carácter xeral, aplicarase un incremento do 4 por

cento sobre as efectivamente percibidas no dito exercicio.

2. Os funcionarios dos corpos de Sanitarios Locais que presten servizos en Partidos Sanitarios, Casas de Socorro e, se é o caso, Hospitais Municipais experimentarán en 1988 un incremento do 4 por cento sobre as correspondentes retribucións básicas percibidas en 1987.

As retribucións complementarias destes funcionarios débense fixar con base no disposto no Decreto 3206/1967, do 28 de decembro, incrementando, se é o caso, os importes no 4 por cento respecto de 1987.

Os Sanitarios Locais non abrangidos nos números anteriores percibirán as retribucións básicas e complementarias que lles correspondan en aplicación do disposto no artigo 10 desta Lei.

Artigo 18. Outras disposicións sobre o rexime retributivo.

1. En canto non se poña en vigor o sistema retributivo fixado na Lei 30/1984, cando un funcionario non sometido ó rexime retributivo regulado no Real Decreto-Lei 22/1977, do 30 de marzo, ocupe un posto de traballo dotado no cadro de persoal presupostario da Comunidade, percibirá as retribucións básicas e complementarias correspondentes á praza que desempeñe.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, a Consellería

de Economía e Facenda, por proposta das Consellerías interesadas, autorizará a oportuna asimilación para determina-las retribucións que lles correspondan ós citados funcionarios.

2. Cando, con suxección á normativa vixente, o funcionario realice unha xornada inferior á normal, a contía das súas retribucións determinarase na forma prevista nas normas dictadas para a aplicación do rexime retributivo a que estea suxeito.

Os funcionarios que realicen unha xornada de traballo diminuída nun tercio ou nun medio, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, experimentarán unha redución dun tercio ou dun medio, respectivamente, sobre as retribucións correspondentes. Practicarase idéntica redución sobre as pagas extraordinarias no caso de que os funcionarios prestasen unha xornada de traballo reducida na data da adquisición do dereito á percepción das citadas pagas.

3. O complemento familiar hase rexer pola súa normativa específica excluíndose do aumento a que se refire a presente Lei.

4. Os complementos persoais e transitorios e restantes retribucións de carácter análogo correspondentes ó persoal incluído no ámbito de aplicación da presente Lei rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta Lei, e quedarán excluídos do

aumento do 4 por cento previsto na mesma.

5. As referencias contidas na normativa vixente relativa a haberes líquidos para os efectos do cálculo de anticipos reintegrables ós funcionarios débense entender feitas ás retribucións básicas e complementarias que perciban os mesmos nos seus importes líquidos.

6. As referencias relativas a retribucións contidas na presente Lei entenderanse sempre feitas a retribucións íntegras.

7. As diferentes retribucións que conforme o disposto nos artigos anteriores lle correspondan percibir ó persoal ó servizo da Comunidade Autónoma faranse efectivas por un único habilitado con cargo ós créditos do programa respectivo.

8. Para os únicos efectos de asimilación a que se refire o parágrafo anterior, a Dirección Xeral da Función Pública poderá autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co rexime retributivo de orixe do funcionario.

Estas autorizacións seranlle comunicadas pola Dirección Xeral da Función Pública á Consellería de Economía e Facenda para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Artigo 19. Percepción de retribucións.

1. As retribucións básicas e complementarias que se perciban

con carácter fixo e periodicidade mensual faranse efectivas por mensualidades completas e con referencia á situación e dereitos do funcionario o primeiro día hábil do mes a que correspondan, agás nos seguintes casos en que se liquidarán por días:

a) No mes de toma de posesión do primeiro destino na Comunidade Autónoma, no de reingreso ó servizo activo e no de incorporación por conclusión de licencias sen dereito a retribución.

b) No mes en que se cese no servizo activo na Comunidade Autónoma, agás que sexa por motivos de falecemento ou xubilación de funcionarios suxeitos ó rexime de clases pasivas do Estado e, en xeral, a calquera rexime de pensións públicas que se perciban por mensualidades completas desde o primeiro día do mes seguinte ó do nacemento do dereito.

c) No mes de iniciación de licencias sen dereito a retribución.

2. As pagas extraordinarias serán dúas ó ano por un importe cada unha delas de unha mensualidade do soldo, trienios e, se é o caso, o grao, e adquirirse o dereito a percibilas o día un dos meses de xuño e decembro, e con referencia á situación e dereitos do funcionario nas ditas datas, agás nos seguintes casos:

a) Cando o tempo de servizos prestados na Administración da Comunidade Autónoma ata o día

en que se aboa a paga extraordinaria non abrangue a totalidade dos seis meses inmediatos anteriores ós meses de xuño ou decembro, o importe da paga extraordinaria reducirase proporcionalmente computando cada mes natural completo e día por un sexto e un cento oitentavo, respectivamente, do importe da paga extraordinaria que na data do seu aboamento correspondese por un período de seis meses, tendo en conta que, se a suma dos días dos meses incompletos fose trinta ou superior, cada fracción de trinta días se considerará como un mes completo.

b) Os funcionarios en servizo activo con licenzia sen dereito a retribución adquirirán o dereito a percibi-las pagas extraordinarias nas datas indicadas, pero a súa contía experimentarás a correspondente redución proporcional.

c) No caso de cesamento no servizo activo, a última paga extraordinaria retribuirase o día do cesamento e con referencia á situación e dereitos do funcionario nesa data, pero en contía proporcional ó tempo de servizos efectivamente prestados, salvo que o cesamento sexa por xubilación ou falecemento dos funcionarios suxeitos ó rexime de clases pasivas do Estado e, en xeral, a calquera rexime de pensións públicas que se perciban por mensualidades completas desde o primeiro día do mes seguinte ó do nacemento do dereito, e neste caso os días do mes en que se produce o dito cesa-

mento computaranse como un mes completo.

Para os efectos previstos no presente artigo, o tempo de duración de licenzias sen dereito a retribución non terá a consideración de servizos efectivamente prestados.

Se o cesamento no servizo activo se produce durante o mes de decembro, a liquidación da parte proporcional da paga extraordinaria correspondente ós días transcorridos do dito mes realizarase de acordo coas contías das retribucións básicas vixentes no mesmo.

Artigo 20. Requisito para o asinamento de convenios colectivos que afecten ó persoal laboral.

1. Para os efectos previstos no artigo 10 desta Lei, para poder pactar novos convenios colectivos, negociar ou aplicar revisións salariais, adhesións ou acorda-la extensión en todo ou en parte a outros convenios xa existentes do sector público, así como para poder aplicar convenios colectivos de ámbito sectorial ou revisións salariais dos mesmos, e para outorgar melloras retributivas unilaterais con carácter individual ou colectivo, será necesario o informe preceptivo previo da Consellería de Economía e Facenda en canto afecten ó persoal non funcionario de:

- a) A Administración da Comunidade Autónoma.
- b) O Consello de Contas.
- c) O Consello da Cultura Galega.

d) A Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as súas sociedades xestoras.

e) A Universidade.

2. Para os efectos do número anterior entenderanse por modificacións das condicións retributivas do persoal non funcionario as seguintes actuacións:

a) Asinamento de convenios colectivos subscritos polos organismos citados no número anterior, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións dos mesmos.

b) Aplicación de convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións ós mesmos.

c) Outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral, con carácter individual ou colectivo, aínda que se deriven da aplicación extensiva do rexime retributivo dos funcionarios públicos.

3. Co fin de emiti-lo informe sinalado no número 2 deste artigo, os departamentos da Xunta, organismos e entes da Comunidade remitiranlles ás Consellerías da Presidencia e Administración Pública e mais de Economía e Facenda o proxecto de pacto de mellora respectiva con carácter previo ó seu asinamento ou acordo, e achegarán a valoración de tódolos seus aspectos económicos.

4. O informe será emitido no prazo máximo de quince días,

contados a partir da data de recepción do proxecto de pacto ou acordo e da súa valoración, e versará sobre todos aqueles extremos dos que se deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 1988 coma para exercicios futuros, e, especialmente, no que se refire á determinación da masa salarial correspondente e ó control do seu crecemento.

5. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que impliquen crecements salariais para exercicios sucesivos contrarios ó que determinen as futuras Leis de Presupostos.

6. Non se poderán autorizar gastos derivados da aplicación dos incrementos salariais para 1988 sen o cumprimento dos requisitos establecidos no presente artigo.

Artigo 21. Contratación de persoal laboral con cargo ós créditos de investimentos.

1. En 1988, con cargo ós respectivos créditos de investimentos, só se poderán formalizar contratacións de carácter temporal cando as Consellerías precisen contratar persoal para a realización, por administración directa, de obras ou servicios correspondentes a investimentos incluídos nos seus presupostos.

2. Esta contratación requirirá o informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, trala acreditación da ineludible necesidade da mesma por carecer de suficiente persoal fixo ou de crédito abondo no concepto presupostario destinado á contratación de persoal eventual no capítulo correspondente. Das contratacións realizadas terase que informar á Consellería da Presidencia e Administración Pública e ó Parlamento.

3. Os contratos teranse que formalizar seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos Traballadores, aprobado pola Lei 8/1980, do 10 de marzo, na redacción dada pola Lei 32/1984, do 2 de agosto, e con respecto ó disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo da Administración Pública. Nos contratos farase constar, cando proceda, a obra ou servizo para a realización do cal se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, dos que se puidesen derivar dereitos de fixeza para o persoal contratado, poderán dar lugar á esixencia de responsabilidade, de conformidade co artigo 95 da Lei 3/1984, do 3 de abril, de

Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

Artigo 22. Prohibición de ingresos atípicos.

Os empregados públicos abranguidos no ámbito de aplicación da presente Lei, non sendo os sometidos a rexime de arancel, non poderán percibir ningunha participación nos tributos, comisións ou outros ingresos de calquera natureza que a Administración Autónoma ou calquera poder público estatutario teña dereito a percibir como contraprestación de calquera servizo ou xurisdicción, nin participación ou premio en multas impostas aínda cando estivesen normativamente atribuídas ós mesmos, e deberán percibir unicamente as remuneracións do correspondente rexime retributivo e sen prexuício do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades.

Artigo 23. Modificacións nos anexos de cadros de persoal presupostarios.

1. Os créditos de gastos de persoal non implican en ningún caso recoñecemento de dereitos nin modificacións nos cadros de persoal presupostarios.

2. As disposicións ou expedientes que impliquen modificacións dos devanditos dereitos e cadros de persoal soamente se poderán tramitar no caso de que o incremento de gastos quede compensado sobre unha base homoxénea de

comparación anual, mediante redución de créditos do Capítulo I, sempre que non se trate dos destinados ó pagamento de cuotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador.

No caso de que os supostos de modificación de cadro de persoal se deriven da asunción pola Comunidade Autónoma do traspaso de servicios, o incremento de gasto financiarase co financiamento acordado como consecuencia do dito traspaso.

3. As modificacións de cadro de persoal deberaas tramitar e aproba-la Consellería de Economía tralo informe favorable da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Artigo 24. Autorización dos custos de persoal da Universidade.

De conformidade co disposto no artigo 54, punto 4, da Lei Orgánica de Reforma Universitaria, 11/1983, do 25 de agosto, en relación coa súa Disposición Derradeira segunda, autorízanse os custos do persoal funcionario docente e non docente e contratado docente da Universidade polos importes que se detallan:

Persoal docente, funcionario e contratado	4.410.681.000
Persoal non docente, funcionario	635.663.000

A Universidade ampliará os seus créditos para gastos de persoal en función da distribución que do crédito 07.04.322C.442 realice a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Nestes casos non se aplicará a limitación contida no artigo 55.1 da Lei de Reforma Universitaria, 11/1983, do 25 de agosto.

Título III

Das operacións financeiras

Capítulo I

Avales

Artigo 25. Avales.

1. O importe dos avales que presentará a Comunidade Autónoma no exercicio de 1988 non poderá exceder de 4.300 millóns de pesetas.

2. Non se imputarán os límites indicados no punto 1 ó importe dos avales que se presten por motivo da refinanciación ou substitución de operacións de crédito, na medida en que impliquen cancelación de avales anteriormente concedidos.

3. Primeiro aval.

Un primeiro aval ata un importe de 2.800 millóns de pesetas.

a) Ós créditos concertados polas Corporacións Locais destinados a financiar proxectos de investimentos.

b) Amais dos avales regulados no apartado anterior, a Comunidade poderalles conceder nas condicións que regulamentariamente se establezan aval subsidiario ós créditos concertados polas empresas e operacións que se especifican:

1.º) Ós armadores de buques por encargos a empresas do sector naval domiciliadas en Galicia, mentres non sexa tecnicamente posible a constitución de hipoteca naval dos buques en construción.

2.º) Ás empresas que se acollan ós beneficios establecidos pola Comunidade Autónoma para a creación e mantemento de empresas, sempre que os créditos para os que se solicite aval teñan como finalidade o financiamento de investimentos, e ás empresas participadas por Sodiga para o financiamento de operacións de igual finalidade e natureza á descrita neste punto.

3.º) A cooperativas e traballadores autónomos da Comunidade Autónoma, sempre que os créditos para os que se solicite aval teñan a finalidade de financiar operacións de investimentos realizadas polos citados axentes.

4.º) A empresas privadas galegas para operacións de prefinanciamento de exportacións.

5.º) A sociedades anónimas laborais e cooperativas de traballadores para operacións de investimentos e, no momento da súa constitución, de saneamento financeiro realizadas polas mesmas.

6.º) Na distribución e adjudicación dos avales regulados neste artigo establécese unha prioridade en función da conxunción dos seguintes criterios:

a) Sociedades anónimas laborais e cooperativas de traballadores.

b) Iniciativas que supoñan alternativas reais de saída para factorías, empresas ou sectores en crise.

c) Empresas de sectores punta ou potencial relevancia para o desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma.

d) Iniciativas empresariais que supoñan unha maior captación de mercados exteriores.

4. Aval complementario ata 1.500 millóns.

Poderase conceder un aval complementario ó prestado polas Sociedades de Garantía Recíproca galegas, que cubra a maior contía solicitada sobre a máxima que estatutariamente lles poden outorgar estas institucións, ás empresas privadas domiciliadas na Comunidade Autónoma, en créditos que teñan como finalidade o financiamento de investimentos ou de contratos de subministración con empresas públicas ou privadas.

5. A contía dos avales, por beneficiario e apartado, non poderá exceder do 5% da cantidade global establecida no número 1 deste artigo. Este límite será do 10% nos avales que se poidan conceder ó

abeiro do disposto no número 4.b).2.^{o(3)} deste artigo.

Para os efectos de fixa-los límites establecidos neste número, acumularanse os avales vixentes xa concedidos.

6. Os avales que se concedan ó amparo do disposto nos apartados anteriores garantirán un máximo do 80% final da contía da operación para a que se concede o aval, excepto os que se concedan ó abeiro do previsto no número 4.b).2.^{o(4)} e no número 5, que poderán garanti-lo total da operación.

7. O Goberno comunicarlle á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos, con periodicidade trimestral, o importe e as características dos avales concedidos ó abeiro do presente Capítulo.

Capítulo II

Operacións de crédito

Artigo 26. Operacións de crédito.

1. Autorízase ó Consello da Xunta para que, por proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, proceda, tanto no interior coma no exterior, a emitir débeda pública da Comunidade, negociable ou non negociable, así como a concertar con institucións financeiras operacións de crédito amortizable

(3) A remisión enténdese referida ó número 3.b).2.^o deste artigo.

(4) A remisión enténdese referida ó número 3.b).2.^o deste artigo.

por prazo superior a un ano ata un importe máximo de 24.000 millóns de pesetas. Este importe quedará fixado en función do recadamento obtido nas distintas partidas dos Capítulos I a VII de carácter non finalista do Presuposto de Ingresos e do importe a que ascenden os remanentes de crédito non incorporables dos distintos Capítulos do Presuposto de Gastos.

2. Autorízase ó Conselleiro de Economía e Facenda para que:

a) Sinale o tipo de interese, condicións, beneficios fiscais legalmente establecidos e demais características das operacións de endebedamento sinaladas no número anterior e formalice, se é o caso, en representación da Comunidade Autónoma, as tales operacións, adaptándose sempre que sexa preciso ás prácticas financeiras que xurdan da evolución dos mercados financeiros.

b) Proceda, ó abeiro do disposto nas respectivas normas de emisión ou contratación, ó reembolso anticipado de emisións de débeda da Comunidade Autónoma ou de créditos recibidos, ou á revisión dalgunha das súas condicións, cando a situación do mercado ou outras circunstancias así o aconsellen.

c) Concerte operacións de cambio, conversión, prórroga ou intermedio financeiro, relativas a operacións de crédito existentes con anterioridade, para obter un menor custo ou unha mellor distribución da carga financeira ou previ-los

posibles efectos derivados das fluctuacións nas condicións de mercado.

3. As operacións que se realicen ó abeiro da autorización á que fai referencia o número 1 deste artigo poderanse formalizar no decurso de 1989.

4. A Xunta comunicarlle á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de Galicia, con periodicidade mensual, o importe e mailas características principais das operacións de crédito realizadas ó abeiro das autorizacións contidas neste artigo.

Artigo 27. Débeda da Tesourería.

Durante o exercicio de 1988, o Goberno, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá emitir débeda da Tesourería ou concertar operacións de crédito con termo de reembolso igual ou inferior a un ano por un importe máximo do 10% de participación en ingresos do Estado, destinado a atender necesidades transitorias de Tesourería.

Título IV

Normas tributarias

Capítulo único

Tributos propios

Artigo 28. Taxas.

1. Elévanse os tipos das taxas de contía fixa, por prestación de servizos e por realización das activi-

dades ás que se refire o artigo 7.2 da LOFCA, ata a cantidade que resulte da aplicación do coeficiente do 1,05 ás contías actualmente esixibles.

2. Para os efectos do apartado anterior considéranse taxas de contía fixa aquelas nas que a cuota tributaria non estea fixada nunha porcentaxe da base ou esta non se valore en unidades monetarias.

Título V

Capítulo único

Dos procedementos de xestión presupostaria

Artigo 29. Contía mínima de aprobación de gastos de investimentos polo Consello da Xunta.

1. A realización de gastos de investimento de calquera natureza, en contía superior a 500 millóns de pesetas, requirirá a aprobación do Consello da Xunta.

2. A aprobación á que se refire o parágrafo anterior implica a autorización do Consello da Xunta para contratar.

3. Autorízaseselles ós órganos de contratación, con carácter xeral, a tramitación urxente, prevista no artigo 26 da Lei de Contratos do Estado, para a contratación de obras de ata 500 millóns de pesetas, se ben o prazo de presentación de proposicións non será inferior a 15 días.

4. Para os efectos do establecido neste artigo son órganos de contra-

tación da Xunta os Conselleiros da mesma.

Artigo 30. Contratación directa de obras.

1. O Consello da Xunta, por proposta das Consellerías interesadas, poderá autoriza-la contratación directa de proxectos de obras que se principien durante o exercicio de 1988, calquera que sexa a orixe dos fondos, cando o presuposto delas exceda de 25.000.000 de pesetas e non supere os 50.000.000 de pesetas.

2. A contratación directa das obras farase baixo os principios de obxectividade, publicidade e concorrencia, e os proxectos deberanse referir a obras completas, sen que os obxectos dos contratos se poidan fraccionar en partes ou grupos.

3. O conxunto das contratacións non poderá superar en cada Sección o 20% dos créditos aprobados como investimentos reais.

4. Durante as primeiras quinceñas dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, a Xunta de Galicia remitiralle á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos a relación de expedientes tramitados ó amparo do presente artigo no trimestre respectivo anterior.

5. O importe máximo para a adquisición de subministracións menores ás que fai referencia o artigo 86 da Lei de Contratos do Estado queda fixado en 750.000 pesetas para o exercicio de 1988.

Artigo 31. Outros gastos de investimento.

1. Coa finalidade de apoia-los investimentos que se van realizar na creación de novas empresas ou na súa ampliación ou modernización, o Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá adquirir compromisos de gasto que se poidan estender a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, que consistan en axudas para apoio financeiro ou en subvencións ós investimentos que realicen as empresas.

2. Por acordo do Consello da Xunta, adoptado mediante o procedemento descrito no número 1 anterior, poderanse adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual cando se trate de adquisición de vivendas para a calificación de promoción pública, de adquisición de terreos para a construción de vivendas de protección oficial, de concesión de préstamos para a promoción de vivendas mediante convenios para axudas económicas persoais e para o apoio financeiro a vivendas sociais, así como de concesión de subvencións para subsidiación de intereses de préstamos para vivendas de protección oficial.

3. A Xunta daralle conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos de tódalas operacións que se realicen ó abeiro do presente artigo.

Disposición adicional primeira

As dotacións presupostarias da Sección 01, Parlamento, libraranse en firme e periodicamente a nome do mesmo, a medida que este o requira, e non estarán suxeitas a ningún tipo de xustificación ante o Goberno Autónomo.

Os documentos contables ADOK que se expidan no ámbito de xestión para facer efectivas as dotacións presupostarias a prol do Parlamento de Galicia serán propostos e autorizados pola Consellería de Economía e Facenda.

Disposición adicional segunda

A Mesa do Parlamento, por proposta do Presidente da Cámara, poderá acorda-la incorporación dos remanentes de créditos da Sección 01, Parlamento, e daralle traslado do dito acordo para o seu coñecemento á Consellería de Economía e Facenda.

Así mesmo, polo mesmo procedemento, poderá acordar transferencias de créditos entre os diversos conceptos da súa Sección presupostaria, así como a redistribución dentro dun mesmo concepto das súas diferentes partidas, sen ningunha limitación.

Disposición adicional terceira

1. A liquidación dos Impostos de Sucesión e Doacións, no ámbito da Comunidade Autónoma, estará a cargo do Servicio de Xestión e Inspección nas capitais de provincias e poboacións nas que exista Delega-

ción da Consellería de Economía e Facenda, e dos Rexistradores da Propiedade dos demais Distritos Hipotecarios, dependendo estes últimos funcionarios así como os seus substitutos e persoal auxiliar, directamente, en todo no que á xestión de impostos se refire, do Xefe de Servicio de Xestión e Inspección Tributaria, dos Delegados da Consellería de Economía e Facenda, do Director Xeral de Tributos e Política Financeira e do Conselleiro de Economía e Facenda.

2. As indemnizacións e compensacións que polas súas actuacións nesta materia deban percibi-los Rexistradores da Propiedade como titulares das Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario fixaranse regulamentariamente e serán con cargo ós Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

Disposición adicional cuarta

Mantense a vixencia dos artigos 10 «Pagamentos que hai que xustificar», 11 «Da ordenación de pagamentos», 12 «Liquidación de presuposto» e 13 «Obrigas de exercicios pechados e imputación de créditos» da Lei 1/1986, do 29 de outubro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1986.

Disposición adicional quinta

Os artigos que a seguir se expresan da Lei 3/1985, do 12 de abril, do Patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, quedarán redactados nos seguintes termos:

«Artigo 18

1. A adquisición de bens inmobles a título oneroso realizaraa a Consellería de Economía e Facenda e esixírase o cumprimento das normas previstas na contratación administrativa, especialmente as relativas a publicidade e concorrencia.

2. Non obstante, a pedimento da Consellería interesada, a Consellería de Economía e Facenda ou o Consello da Xunta por proposta desta poderá prescindir do trámite de concurso e autoriza-la adquisición directa, en función da contía que regulamentariamente se determine, cando así o requiran as peculiaridades dos bens, as necesidades do servizo ou función que se vai satisfacer, a urxencia extrema da adquisición e afectación ás limitacións do mercado inmobiliario na localidade onde estean situados.

En todo caso, as razóns que xustifiquen a adquisición directa deberán publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Para a efectividade das adquisicións previstas neste artigo poderán adquirirse compromisos de gastos de carácter plurianual nos termos da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública para investimentos reais.

A adquisición de inmobles (ou outros bens patrimoniais) poderá facerse por medio de *leasing* e aprazamento de pagamentos, cando as circunstancias así o conse-

llen e por razóns de economicidade e oportunidade, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda a través da Dirección Xeral do Patrimonio.

Nestes casos, a compra conceputarase como un proxecto plurianual e o correspondente contrato deberá realizarse de acordo cos trámites establecidos no presente artigo.

En todo caso, a Dirección Xeral do Patrimonio será a competente para a formalización notarial dos correspondentes contratos.»

«Artigo 18 bis

A adquisición a título oneroso de bens mobles realizaraa a Consellería ou organismo que haxa de utilizalos e someterase ás normas de contratación administrativa vixentes.

En todo caso, o Consello poderá acordar-la adquisición centralizada de determinados bens mobles, por unha soa Consellería ou organismo, de acordo coa normativa contractual aludida.»

«Artigo 21.4. A adquisición de propiedades incorporais correspóndelle ó Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Economía e Facenda.»

«Artigo 23.1. Non se poderán adquirir bens e dereitos a título lucrativo cando o valor global dos gravames, cargas e afeccións impostos sobre os mesmos sobre-pase o seu valor intrínseco.

Non se considerarán carga, gravame ou afección os investimentos que teña que realiza-la Comunidade Autónoma para da-lo destino de uso xeral ou servizo público da súa competencia que fixe o cedente ou doante.»

«Artigo 22

1. A Consellería de Economía e Facenda realizará os arrendamentos de bens inmobles necesarios para o desenvolvemento das funcións da Xunta, e concertaraos mediante concurso público salvo cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 18.2, e neste caso a citada Consellería poderá acudir á concertación directa mediante resolución motivada e pública.

2. É competencia da Consellería de Economía e Facenda dispoñer a resolución voluntaria dos contratos de arrendamentos de inmobles en favor da Comunidade Autónoma.

3. O arrendamento de bens mobles será concertado de acordo co previsto neste artigo pola Consellería ou organismo interesado.»

Disposición adicional sexta

O artigo 79 da Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, quedará redactado nos seguintes termos:

«1. Non estarán sometidos a intervención previa os gastos de material non inventariable, subministracións menores, así como os

de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez intervido o gasto correspondente ó período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións.

2. A Xunta de Galicia poderá acordar, logo de informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, que a intervención previa en cada unha das Consellerías e os seus organismos, centros e dependencias se limite a comprobar, no prazo de dez días, os extremos seguintes:

a) A existencia de crédito presupostario e que o Presuposto é o adecuado á natureza do gasto ou da obriga que se propoña contraer.

Nos casos nos que se trate de contraer compromisos de gasto de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 44 desta Lei.

b) Que as obrigas ou os gastos os xeran os órganos competentes.

c) Aqueloutros extremos que, pola súa transcendencia no proceso de xestión, determine o Consello da Xunta, por proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, logo de informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Os Interventores Delegados poderán formula-las observacións complementarias que consideren convenientes, sen que as mesmas teñan, en ningún caso, efectos suspensivos na tramitación dos expedientes correspondentes.

3. O disposto no apartado anterior non será de aplicación respec-

to das obrigas ou dos gastos de contía indeterminada e daqueles outros que deban ser aprobados polo Consello da Xunta.

4. As obrigas ou os gastos sometidos á fiscalización limitada a que se refire o apartado dous deste artigo serán obxecto doutra plena con posterioridade, exercida sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe á referida fiscalización, mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría, co fin de verificar que se axustan ás disposicións aplicables en cada caso e determina-lo grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos.

Os Interventores Delegados que realicen as fiscalizacións con posterioridade deberán emitir informe escrito no que fagan constar cantas observacións e conclusións se deduzan das mesmas. Estes informes remitiranse ó titular da Consellería, para que formule, se é o caso, e no prazo de quince días, as alegacións que considere oportunas, e posteriormente elevaraos á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma daralles conta ó Consello da Xunta e ós centros directivos que resulten afectados dos resultados máis importantes da fiscalización realizada con posterioridade e, se é o caso, propoñerá as actuacións que resulten aconsellables para asegurar que a

administración dos recursos públicos se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

5. A fiscalización previa dos dereitos será substituída pola inherente á toma de razón en contabilidade, e estableceranse as actuacións comprobatorias posteriores que determine a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.»

Disposición adicional sétima

Para poder dispoñer dos fondos incluídos na partida presupostaria de «Estudios e traballos técnicos» será precisa a aprobación previa do Consello da Xunta, por proposta do Conselleiro respectivo, sempre e cando a contía de cada proposta individualizada de gastos supere os 3 millóns de pesetas.

Disposición adicional oitava

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, por iniciativa da Consellería de Ordenación do Territorio, poderá autorizar a aplicación ó Presuposto de Ingresos dos saldos que se produzan como consecuencia de fianzas de alugueiros urbanos e subministracións a que se refire o Decreto do 11 de marzo de 1949.

Os ingresos autorizados xerarán crédito no programa de promoción e administración de vivendas.

Disposición adicional novena

O Presuposto dos servicios trasladados do Instituto Nacional de

Servicios Sociais (INSERSO) débese axustar ás normas sinaladas na letra E do anexo I do Real Decreto 258/1985, e élle de aplicación, amais do expresamente establecido nesta Lei, o previsto nos artigos 149 e 150 da Lei 11/1977, do 4 de xaneiro, Xeral Presupostaria.

Disposición adicional décima

Os programas xerais de axudas e subvencións con cargo ó Presuposto da Comunidade Autónoma serano de acordo con criterios de publicidade, concorrencia e obxectividade na concesión.

Para os tales efectos, as Consellerías correspondentes establecerán, no caso de non existiren e previamente á disposición dos créditos, as oportunas normas reguladoras da concesión.

Non obstante, poderanse outorgar, de acordo cos criterios do parágrafo primeiro que sexan aplicables, subvencións nominativas ou específicas por razón do seu obxecto.

Os créditos consignados nos Estados de Gastos do Presuposto da Comunidade Autónoma, cando o seu financiamento proceda dos Presupostos Xerais do Estado en concepto de subvencións que non formen parte do custo efectivo dos servicios transferidos, poderán ser modificados pola Consellería de Economía e Facenda co fin de axeitalos ós fondos que efectiva-

mente se lle transfiran á Comunidade Autónoma.

Disposición adicional undécima

Durante o exercicio presupostario de 1988, e mentres non se dispoña do instrumento legal adecuado, a Xunta de Galicia procederá, mediante os adecuados mecanismos, a unha máis eficaz coordinación das actividades das catro Deputacións galegas, co obxecto de evitar solapamentos e discriminacións.

Disposición adicional duodécima

Autorízase á Consellería de Economía e Facenda para que poida dispoñer-la non liquidación ou, se é o caso, a anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións das que resulten débedas inferiores á contía que estimase e fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción e recadación represente.⁽⁵⁾

Disposición adicional décimo terceira

Co obxecto de facer efectivo o principio de solidariedade interterritorial dentro da Comunidade Autónoma, os investimentos faranse de xeito que tendan a reduci-los desequilibrios comarcais actualmente existentes.

(5) A disposición adicional décimo segunda foi mantida na súa vixencia pola disposición adicional novena da Lei 13/1988 e pola disposición adicional segunda da Lei 2/1990.

Disposición adicional décimo cuarta

A Xunta de Galicia publicará antes do 30 de xuño a valoración dos baremos para a distribución do Fondo Nacional de Cooperación Municipal en desenvolvemento do disposto no artigo 49.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Disposición adicional décimo quinta

As subvencións que se deriven do programa de electrificación rural (PLANER) serán destinadas de xeito exclusivo á electrificación dos núcleos rurais. Non se subvencionará, en ningún caso, a electrificación de urbanizacións nin vivendas illadas adicadas a segunda residencia.

Disposición transitoria primeira

Os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, que desempeñen postos de traballo para os que aínda non se aprobou a aplicación do rexime retributivo previsto na devandita Lei, e mentres non se dispoña o contrario nos Acordos do Consello da Xunta que aproben a dita aplicación, percibirán as retribucións correspondentes a 1987, na mesma estrutura retributiva e con suxección á normativa vixente no dito exercicio, incrementada na contía das diferentes retribucións básicas e complementarias nun 4 por cento, en caso de igualdade de postos de

traballo, tendo en conta que as retribucións que tivesen o carácter de absorbibles por melloras ou incrementos se rexerán pola súa normativa específica ata a aplicación do novo rexime retributivo.

As pagas extraordinarias percibiranse de acordo co previsto no artigo 19 da presente Lei.

Mentres non se aproben os postos de traballo na medida en que o Consello da Xunta vaia determinando, se é o caso, os complementos específicos ós que fai referencia o artigo 12, manteranse en vigor os anexos de persoal dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, e as súas modificacións efectuaranse polo procedemento sinalado no artigo 23 da presente Lei.

Disposición transitoria segunda

Os funcionarios interinos e contratados administrativos que desempeñen postos de traballo para os que aínda non se aprobouse a aplicación do rexime retributivo previsto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, experimentarán un incremento retributivo do 4 por cento con respecto ás retribucións recoñecidas no ano 1987 e de conformidade coa estrutura retributiva que se aplicou nese ano.

Disposición transitoria terceira

A Xunta, durante o seguinte exercicio presupostario, presentalle ó Parlamento no primeiro semestre memoria explicativa dos investimentos correspondentes ó

Capítulo VI do Estado de Gastos, con explicitación dos déficits sectoriais e territoriais que deron soporte ás decisións de investimentos e xustificación, se é o caso, da razón dos incumprimentos.

Disposición transitoria cuarta

No ámbito das competencias que a Comunidade Autónoma de Galicia ten en materia de vivenda, a Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas exercerá, verbo dos inmobles e dereitos reais inmobiliarios que lle fosen transferidos pola Administración Central do Estado ou adquiridos coa dita finalidade, tódalas facultades inherentes á súa xestión, administración e disposición, con independencia da súa contía, con carácter excepcional e en tanto que por Lei do Parlamento non se cree o organismo autónomo correspondente.

A aprobación dos expedientes de que se trate será ordenada polo Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas por proposta da Dirección Xeral de Vivenda, e daráselle conta deles á Consellería de Economía e Facenda.

Disposición transitoria quinta

En tanto non se produza o nomeamento e a constitución dos órganos de goberno e administración regulados nos artigos 5 e seguintes da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, facúltase ó Conselleiro da Presidencia e

Administración Pública para xestionar los créditos presupostarios que figuran na Sección 04, Consellería da Presidencia e Administración Pública, para o financiamento do citado organismo.

Disposición derradeira primeira

Autorízase á Consellería de Economía e Facenda para que efectúe no Presuposto de Gastos da Comunidade Autónoma as adaptacións técnicas que procedan tanto como consecuencia de reorganizacións administrativas coma por aplicación do novo sistema retributivo, co fin de crear los programas, seccións, servicios e conceptos presupostarios que sexan necesarios e autorizar las transferencias de crédito correspondentes. Estas operacións, en ningún caso, darán lugar a un incremento do gasto.

Informarase de todas elas á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento dentro dos trinta días en que se producisen.

Disposición derradeira segunda

A presente Lei seralles aplicable ós organismos autónomos que se poidan crear e ó seu correspondente Presuposto, que esixirá para a súa efectividade a debida aprobación parlamentaria.

Disposición derradeira terceira

Os gastos autorizados a cargo dos créditos do Presuposto de prórroga imputaranse ós créditos autorizados na presente Lei. En

caso de que no dito Presuposto non houberse o mesmo concepto ca no Presuposto para 1988, ou, no caso de o haber, este non resultase abondo, a Consellería de Economía e Facenda determinará o concepto presupostario ó que se lle debe imputa-lo gasto autorizado e daralle conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos.

Disposición derradeira cuarta

A Xunta dictará, por proposta do Conselleiro de Economía e Facen-

da, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevén nesta Lei, que entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

(6)

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 1988

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente

(6) O anexo incorporado nesta lei non se reproduce nesta edición.